

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DE SANIDADE E CONSUMO

**10518** *ORDE SCO/1658/2004, do 1 de xuño, pola que se modifica a Orde do 9 de setembro de 1996 pola que se establece unha excepción ás disposicións do capítulo IV do anexo do Real decreto 2207/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene relativas aos produtos alimenticios, no que respecta ao transporte marítimo de graxas e aceites líquidos a granel. («BOE» 137, do 7-6-2004.)*

A Orde do 9 de setembro de 1996 pola que se establece unha excepción ás disposicións do capítulo IV do anexo do Real decreto 2207/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene relativas aos produtos alimenticios, no que respecta ao transporte marítimo de graxas e aceites líquidos a granel, incorporou ao noso ordenamento xurídico a Directiva 96/3/CE da Comisión do 26 de xaneiro de 1996.

Tendo en conta as avaliacións realizadas polo Comité Científico da Alimentación Humana, sobre o risco que pode entrañar para a saúde pública, as cargas anteriores aceptables no transporte marítimo de graxas e aceites líquidos a granel, resultou necesario modificar o anexo da Directiva 96/3/CE, sendo adoptada a Directiva 2004/4/CE da Comisión do 15 de xaneiro de 2004 que modifica a Directiva 96/3/CE pola que se establece unha excepción a determinadas disposicións da Directiva 93/43/CEE do Consello relativa á hixiene dos produtos alimenticios, no que respecta ao transporte marítimo de graxas e aceites líquidos a granel, cuxa transposición ao noso ordenamento xurídico se leva a cabo mediante esta orde.

Na tramitación desta orde foron oídos os sectores afectados e mais as comunidades autónomas e emitiu informe a Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria.

Esta orde dítase ao abeiro do establecido na disposición derradeira primeira do Real decreto 2207/1995, pola que se faculta a ministra de Sanidade e Consumo para a actualización do seu anexo, cando resulte necesario para a incorporación de modificacións establecidas por novas modificacións da Unión Europea.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. *Substitución do anexo da Orde do 9 de setembro de 1996.*

O anexo da Orde do 9 de setembro de 1996 pola que se establece unha excepción ás disposicións do capítulo IV do anexo do Real decreto 2207/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas de hixiene relativas aos produtos alimenticios, no que respecta ao transporte marítimo de graxas e aceites líquidos a granel, substituirase polo anexo desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 1 de xuño de 2004.

SALGADO MÉNDEZ

### ANEXO

#### Relación de cargas anteriores aceptables

Substancia (sinónimos)	N.º CAS
Ácido acético .....	64-19-7
Anhídrido acético (Anhídrido etanoico) .....	108-24-7
Acetona (dimetilcetona; 2-propanona) .....	67-64-1
Destilados de ácidos graxos e aceites ácidos de aceites e graxas vexetais e/ou mesturas destes con graxas e aceites animais e mariños.	
Hidróxido de amonio (hidrato de amonio; solución de amoníaco; aqua ammonia) .....	1336-21-6
Polifosfato de amonio .....	68333-79-9
	10124-31-9
Aceites e graxas animais, mariñas e vexetais e aceites e graxas hidroxenados (distintos do aceite de anacardio e do tall oil cru).	
Cera de abella (branca e amarela) ...	8006-40-4
	8012-89-3
Alcohol bencílico-(unicamente calidade farmacéutica e de reactivo) ...	100-51-6
Acetatos (n-; sec-; tert-) de butilo .....	123-86-4
	105-46-4
	540-88-5
A solución de cloruro de calcio só se considera carga anterior aceptable cando a carga inmediatamente anterior está incluída na lista e non é obxecto dunha restrición do mesmo tipo .....	10043-52-4
Lignosulfonato cálcico .....	8061-52-7
Cera candelilla .....	8006-44-8
Cera carnauba-(cera de Brasil) .....	8015-86-9
Ciclohexanol (hexametileno; hexanafeno; hexahidrobenceno) .....	110-82-7
Aceite epoxídico de soia (cun contido mínimo de 7% e máximo de 8% de osíxeno de oxirano) .....	8013-07-8
Etanol (alcohol etílico) .....	64-17-5
Acetato de etilo (éter acético; éster acético; nafta de vinagre) .....	141-78-6

o

Substancia (sinónimos)	N.º CAS	Substancia (sinónimos)	N.º CAS
2-Etilhexanol (alcohol 2-etilhexílico)	104-76-7	Ésteres de ácidos graxos -calquera éster producido mediante a combinación de calquera dos ácidos graxos mencionados anteriormente. Por exemplo, o miristato de butilo, o palmitato de oleilo e o estearato de cetilo.	
Ácidos graxos:		Ésteres metílicos de ácidos graxos:	
Ácido araquídico (ácido-icosanoico)	506-30-9	Laurato de metilo (dodecanoato de metilo)	111-82-0
Ácido behénico (ácido docosanoico)	112-85-6	Palmitato de metilo (hexadecanoato de metilo)	112-39-0
Ácido butírico (ácido n-butírico; ácido butanoico; ácido etilacético, ácido propilfórmico)	107-92-6	Estearato de metilo (octodecanoato de metilo)	112-61-8
Ácido cáprico (ácido n-decanoico)	334-48-5	Oleato de metilo (octadecanoato de metilo)	112-62-9
Ácido caproico (ácido n-hexanoico)	142-62-1	Ácido fórmico (ácido metanoico; ácido hidróxeno-carboxílico)	64-18-6
Ácido caprílico (ácido n-octanoico)	124-07-2	Glicerina (glicerol; glicerín)	56-81-5
Ácido erúxico (ácido cis 13-docosenoico)	112-86-7	Glicois:	
Ácido heptoico (ácido n-heptanoico)	111-14-8	Butanodiol:	
Ácido láurico (ácido n-dodecanoico)	143-07-7	— 1,3 butanodiol (1,3 butilenglicol)	107-88-0
Ácido lauroleico (ácido dodecanoico)	4998-71-4	— 1,4 butanodiol (1,4 butilenglicol)	110-63-4
Ácido linoleico (ácido 9,12-octadecadienoico)	60-33-3	Polipropilenglicol (peso molecular superior a 400)	25322-69-4
Ácido linolénico (9,12,15-octadecatrienoico)	463-40-1	Propilenglicol (1,2 propilenglicol; 1,2-propanodiol; 1,2-dihidroxipropano; monopropilenglicol (MPG); metilglicol)	57-55-6
Ácido mirístico (ácido n-tetradecanoico)	544-63-8	1,3-Propilenglicol (trimetilenglicol; 1,3-propanodiol)	504-63-2
Ácido miristoleico (ácido n-tetradecenoico)	544-64-9	n-Heptano	142-82-5
Ácido oleico (ácido n-octadecenoico)	112-80-1	n-Hexano (graos técnicos)	110-54-3 64742-49-0
Ácido palmítico (ácido n-hexadecanoico)	57-10-3	Acetato de iso-butilo	110-19-0
Ácido palmitoleico (ácido cis-9-hexadecenoico)	373-49-9	Iso-Decanol (alcohol isodecílico)	25339-17-7
Ácido pelargónico (ácido n-nonanoico)	112-05-0	Iso-Nonol (alcohol isononílico)	27458-94-2
Ácido ricinoleico (ácido cis-12-hidroioctadec-9-enoico; ácido de aceite de castor)	141-22-0	Iso-Octanol (alcohol isooctílico)	26952-21-6
Ácido esteárico (ácido n-octanodecanoico)	57-11-4	Iso-Propanol (alcohol isopropílico; IPA)	67-63-0
Ácido valérico (ácido n-pentanoico; ácido valeriánico)	109-52-4	Limoneno (dipenteno)	138-86-3
Alcohois graxos:		Solución de cloruro de magnesio	7786-30-3
Alcohol butílico (1-butanol; alcohol butírico)	71-36-3	Metanol (alcohol metílico)	67-56-1
Alcohol caproílico (1-hexanol; alcohol hexílico)	111-27-3	Metiletiletona (2-butanone)	78-93-3
Alcohol caprílico (1-n-octanol; heptilcarbinol)	111-87-5	Metilisobutilcetona (4-metil-2-pentanona)	108-10-1
Alcohol cetílico (alcohol C-16; 1-hexadecanol; alcohol cetílico; alcohol plamitílico; alcohol n-hexadecílico primario)	36653-82-4	Éter metílico de tert-butilo (MBTE)	1634-04-4
Alcohol decílico (1-decanol)	112-30-1	Melazas	57-50-1
Alcohol enantílico (1-heptanol; alcohol heptílico)	111-70-6	Cera de lignito	8002-53-7
Alcohol láurico (n-dodecanol; alcohol dodecílico)	112-53-8	Cera de parafina	8002-74-2 63231-60-7
Alcohol miristílico (1-tetradecanol; tetradecanol)	112-72-1	Pentano	109-66-0
Alcohol nonílico (1-nonanol; alcohol pelargónico; octil-carbinol)	143-08-8	Ácido fosfórico (ácido ortofosfórico).	7664-38-2
Alcohol oleílico (octadecanol)	143-28-2		
Alcohol estearílico (1-octadecanol)	112-92-5	A auga potable é aceptable unicamente cando a carga inmediatamente anterior está incluída na lista e non é obxecto dunha restrición do mesmo tipo.	
Alcohol tridecílico (1-tridecanol)	27458-92-0 112-70-9	Hidróxido de potasio (potasa cáustica) é aceptable unicamente cando a carga inmediatamente anterior está incluída na lista e non é obxecto dunha restrición do mesmo tipo	1310-58-3
Mesturas de alcohois graxos:		Acetato de n-propilo	109-60-4
Alcohol lauril-miristílico (mestura de C12 e C14).			
Alcohol cetil-estearílico (mestura de C16 e C18).			

Substancia (sinónimos)	N.º CAS
Tetrámero de propileno .....	6842-15-5
Alcohol propílico (propano-1-ol; 1-propanol) .....	71-23-8
Hidróxido de sodio (sosa cáustica) é aceptable unicamente cando a carga inmediatamente anterior está incluída na presente relación e non é obxecto dunha restrición do mesmo tipo .....	1310-73-2
Dióxido de silicio (microsilíce) .....	7631-86-9
Silicato de sodio (cristal de auga) ....	1344-09-8
Sorbitol (D-sorbitol; alcohol hexahídrico; D-sorbita) .....	50-70-4
Ácido sulfúrico .....	7664-93-9
Solución de nitrato de amonio V urea (UAN).	
Borras do viño (viñazas, vinaccia, argol, vini, arxil arxila, weinstein, crema crúa de tártaro, bitartrato potásico cru) .....	868-14-4
Aceite mineral branco .....	8042-47-5

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**10555** *ORDE APA/1668/2004, do 27 de maio, pola que se modifican os anexos I e II do Real decreto 2459/1996, do 2 de decembro, polo que se establece a lista de enfermidades de animais de declaración obrigatoria e se dá a normativa para a súa notificación. («BOE» 138, do 8-6-2004.)*

A Decisión 2004/216/CE, da Comisión, do 1 de marzo de 2004, pola que se modifica a Directiva 82/894/CEE, do Consello, do 21 de decembro de 1982, relativa á notificación das enfermidades dos animais na Comunidade, co fin de engadir certas enfermidades dos équidos e as abellas á lista de enfermidades de declaración obrigatoria, sen prexuízo da súa plena aplicación e efecto directo, para a necesaria seguridade xurídica, fai preciso modificar os anexos I e II do Real decreto 2459/1996, do 2 de decembro, polo que se establece a lista de enfermidades dos animais de declaración obrigatoria e se dá a normativa para a súa notificación, o cal traspoñía ao ordenamento interno a citada directiva.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación conferida na disposición derradeira primeira do Real decreto 2459/1996, pola que se faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, no ámbito das súas competencias, para a modificación dos seus anexos de conformidade coas previsións contidas na normativa comunitaria.

Na elaboración desta orde foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

**Artigo único.** *Modificación do Real decreto 2459/1996.*

Substitúense os anexos I e II do Real decreto 2459/1996, do 2 de decembro, polo que se establece a lista de enfermidades de animais de declaración obrigatoria e se dá a normativa para a súa notificación, polos que figuran no anexo desta orde.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 27 de maio de 2004.

ESPINOSA MANGANA

### ANEXO

#### «ANEXO I

A. Enfermidades de declaración obrigatoria na Unión Europea:

Peste equina africana.  
Peste porcina africana.  
Influenza aviar (antes denominada peste aviar).  
Lingua azul ou febre catarral ovina.  
Encefalopatía esponxiforme bovina.  
Peste porcina clásica.  
Pleuropneumonía contaxiosa dos bovinos.  
Tripanosomíase dos équidos.  
Encefalomielite equina (todas as variedades, incluída a encefalomielite equina venezolana).  
Anemia infecciosa equina.  
Febre aftosa.  
Mormo.  
Necrose hematopoética infecciosa.  
Anemia infecciosa do salmón.  
Dermatose nodular contaxiosa.  
Enfermidade de Newcastle.  
Peste dos pequenos ruminantes.  
Encefalomielite enterovírica porcina (antes denominada parálise contaxiosa do porco ou enfermidade de Teschen).  
Febre do val do Rift.  
Peste bovina.  
Variola ovina e variola caprina.  
Aethinose (Pequeno escaravello da colmea. "Aethina tumida").  
Enfermidade vesicular do porco.  
Tropilaelapose ("Tropilaelaps spp").  
Estomatite vesicular.  
Septicemia hemorráxica viral.

B. Outras enfermidades de declaración obrigatoria en España:

Carbúnculo bacteriano.  
Rabia.  
Brucelose.  
Tuberculose.  
Leucose enzoótica bovina.  
Epididimite contaxiosa do carneiro.  
Agalaxia contaxiosa.  
Prurigo lumbar (scrapie).  
Triquinelose.  
Mal rubio.  
Psitacose.  
Enfermidade hemorráxica epizoótica dos cervos.  
Loque americana (Paenibacillus larvae).  
Bonamiose ("Bonamia ostreae").  
Marteilose ("Marteilia refringens e Marteilia sidneyi").  
Haplosporidiose ("Haplosporidium nelsoni, haplosporidium costale").  
Perkinsose ("Perkinsus marinus, Perkinsus olseni").  
Microquitose ("Mikrokytos mackini, Mikrokytos roughleyi").  
Irodovirose (Oyster Velar Virus).

C. Enfermidades obxecto de comunicación anual:

As enfermidades incluídas na lista B da Oficina Internacional de Epizootias, que non figuran nas listas A e B do presente anexo, son as seguintes: